

ACTA Nº 2019/13

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- SALÓN DE SESIÓNS DA CASA DO CONCELLO, XOVES 17 DE OUTUBRO DE 2019 -

O día de 17 de outubro de 2019, ás 20:00 horas, baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

MARIA BEATRIZ BASCOY MACEIRAS

ASISTEN:

BNG

MAGIN FERNANDO LAGO TUIMIL

CRISTINA GARCIA REY

JUAN CARLOS RODRIGUEZ LAGO

IRIA COUCE REGO

MIGUEL ANGEL PEDREIRA RODRIGUEZ

PP

MARIA DEL MAR MÉNDEZ VILELA

JUAN LOPEZ PEREZ

NOELIA CASTRO SANDE

SECRETARIA-INTERVENTORA::

MARIA CONSOLACIÓN COUCE CALVO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.-. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria de 16-08-2019

A Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, prestou a súa aprobación a acta da sesión ordinaria de 16 de agosto de 2019

2.- Dación de contas das resolucións da alcaldía

En cumprimento do disposto na normativa vixente, dáse conta o Pleno da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía no período comprendido entre o 12 de agosto e o 13 de outubro de 2019, e que son as que seguen:

2019/G003/000172.- Toma de razón da documentación presentada para a realización da XL edición do Festival Irmandiño

2019/g003/000173.- Concesión de licenza de posesión de animal potencialmente perigoso

- 2019/G003/000174.-** Concesión licenza vacacións
- 2019/G003/000175 .-** Autorización espectáculo pirotécnico co motivo da celebración do 40 festival irmandiño
- 2019/G003/000176.-** Concesión permiso por asuntos propios
- 2019/G003/000178.-** Aprobación dun convenio de colaboración interadministrativa entre os concellos de San Sadurniño e Moeche para a adquisición e uso dun aparello de limpeza de pavimentos
- 2019/G003/000179.-** Concesión de tarxeta de estacionamento de persoas con discapacidade
- 2019/G003/000180.-** Autorización de realización de servizos extraordinarios
- 2019/G003/000182.-** Incorporación o inventario de bens municipais da obra de *Intervención para a mellora do campo da feira do núcleo urbano de San Ramon*
- 2019/G003/000183.-** Concesión licenza por vacacións
- 2019/G003/000184.-** Concesión licenza por vacacións
- 2019/G003/000185.-** Aprobación do PSS da obra denominada Pavimentación dos camiños de Loira-Abade, Casanova (Abade) e Nogueirido Castelo
- 2019/G003/000186** Aprobación expediente 6/2019 de modificación de créditos por xeración de créditos por novos ingresos
- 2019/G003/000187.-** Aprobación de selo electrónico de órgano e regulación de actuacións administrativas automatizadas no Concello de Moeche
- 2019/G003/000188.-** Cambio de data da sesión ordinaria da Xunta de Goberno local
- 2019/G003/000189.-** Autorización para a realización do espectáculo pirotécnico co motivo das festas de San Ciprián 2019
- 19/G003/000190.-** toma de razón da documentación presentada para a celebración das festas de San Ciprián 2019
- 2019/G003/000191.-** Aprobación da oferta de emprego publico ano 2019
- 2019/G003/000192.-** No división en lotes a contratación da obra de reformas e melloras nos graderíos e vestiarios do campo de fútbol de San Ramón
- 2019/G003/000193.-** **Aprobación** do plan de seguridade e saúde, relación de subcontratistas, plan de xestión de residuos de obra e programa de traballo da obra Pavimentación dos camiños de Loira-Abade, Casanova-Xordo e Nogueirido-Castelo
- 2019/G003/000194.-** Pagamento dunha reclamación por responsabilidade patrimonial por unha caída no Castelo de Moeche
- 2019/G003/000195.-** Autorización VI Slálom Concello de Moeche
- 2019/G003/000196.-** Ordenación de gastos e aprobación de pagamentos
- 2019/G003/000197.-** Ordenación de gastos e aprobación de pagamentos
- 2019/G003/000198.-** Autorización de uso do local social de abade

2019/G003/000199.- Autorización uso local *Francisco Piñeiro*

2019/G003/000200.- Pagamento servizos extraordinarios

2019/G003/000201.- Autorización para realización de traballos extraordinarios

2019/G003/000202.- Concesión permiso por asuntos particulares

2019/G003/000203 Autorización de uso do local social de abade

2019/G003/000204.- Aprobación do plan de seguridade e saúde, programa de traballo e plan de xestión de residuos da obra de *Pavimentación camiños As Pedreiras - T.M. San Sadurniño e outras pos + 2019*

2019/G003/000205.- **Aprobación** do expediente de modificación de créditos 7/2019 de xeración de preditos por novos ingresos

2019/G003/000206.- Autorización de uso do local social de Abade

2019/G003/000207.- Autorización de uso do local social de Pereiro

2019/G003/000208.- Concesión de licenza por asuntos particulares

2019/G003/000209 Concesión licenza por vacacións

2019/G003/000210.- Concesión de permiso por asuntos particulares

2019/G003/000211.- Aprobación padrón fiscal de abastecemento de auga e servizo de sumidoiro,correspondente o 1º bimestre de 2019

2019/G003/000212.- Concesión de permiso por asuntos particulares

A Corporación queda enterada

3.- Sorteo para a selección dos membros das mesas electorais das eleccións xerais a celebrar o 10 de novembro de 2019

En cumprimento do disposto no artigo 26 da Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral procedese a efectuar o sorteo dos membros das mesas electorais para as eleccións xerais que se celebraran o día 10 de novembro de 2019, producíndose o seguinte resultado

DISTRITO 1.- SECCIÓN 001.-MESA A LOCAL SOCIAL PEREIRO (SAN XURXO)

TITULARES	
PRESIDENTE	Pena Muiño, Rubén
1º VOCAL	Pita Ferreira, Lidia
2º VOCAL	Villar Mourente, Fernando
SUPLENTES	
1º SUPLENTE PRESIDENTE	Brañas Castro, Jorge Juan
2º SUPLENTE PRESIDENTE	Pardo Castelo, Maria Concepción
1º SUPLENTE 1º VOCAL	Rodríguez Aparicio, Maria Dolores

2º SUPLENTE 1º VOCAL	Bello Calvo, Alberto
1º SUPLENTE 2º VOCAL	Muiño Parada, Maria del Pilar
2º SUPLENTE 2º VOCAL	Cristobal Barcon, Jose Luis

**DISTRITO 1.- SECCIÓN 001.- MESA B
CASA DO CONCELLO (SAN XOAN)**

TITULARES	
PRESIDENTE	Rañal Canosa, Noelia
1º VOCAL	Gomez Castro, Maria del Carmen
2º VOCAL	Perez Aneiros, Jose Manuel
SUPLENTES	
1º SUPLENTE PRESIDENTE	Garcia Perez, Beatriz
2º SUPLENTE PRESIDENTE	Bouza Rodriguez, Jaime
1º SUPLENTE 1º VOCAL	Canosa loureiro, Mariña
2º SUPLENTE 1º VOCAL	Vilela Carrodegua, Lucia
1º SUPLENTE 2º VOCAL	Loureiro Lopez, Nuria
2º SUPLENTE 2º VOCAL	Ferreira Lorenzo, Daniel

**DISTRITO 1.- SECCIÓN 002.- MESA A
LOCAL SOCIAL.- ABADE**

TITULARES	
PRESIDENTE	Romero Franco, Maria Teresa
1º VOCAL	Martinez Diaz, Maria Lourdes
2º VOCAL	Lago Tuimil, Magín Fernando
SUPLENTES	
1º SUPLENTE PRESIDENTE	Piñón Garcia, Alberto
2º SUPLENTE PRESIDENTE	Novo Mouriz, Tania
1º SUPLENTE 1º VOCAL	Fraguela Fernandez, Victor Manuel
2º SUPLENTE 1º VOCAL	Barcia Breijo, Antonio
1º SUPLENTE 2º VOCAL	Novo Diaz, Beatriz
2º SUPLENTE 2º VOCAL	Lopez Romeo, Julio

**DISTRITO 1.- SECCIÓN 002.- MESA B
LOCAL ASOCIACIÓN DE VECIÑOS.- LABACENGOS**

TITULARES	
PRESIDENTE	Orjales Perez, Laura
1º VOCAL	Rodriguez Fraguela, Maria Raquel
2º VOCAL	Criado Rodriguez, Cristina
SUPLENTES	
1º SUPLENTE PRESIDENTE	Fernandez Orjales, Alba
2º SUPLENTE PRESIDENTE	Soto Quetti, Lorena
1º SUPLENTE 1º VOCAL	Azurmendi Cañarate, Javier
2º SUPLENTE 1º VOCAL	Corral Picos, Román
1º SUPLENTE 2º VOCAL	Cribeiro Pita, Jose Manuel

4.- Aprobación, se procede da conta xeral do orzamento do exercicio 2018

Sometese a consideración do Pleno da Corporación a proposta que se transcribe de seguido, e que resultou aprobada por unanimidade dos asistentes:

Vista a Conta Xeral do exercicio 2018, xunto con toda a súa documentación anexa á mesma, segundo a lexislación vixente.

Visto o informe da Comisión Especial de Contas de data 29 de agosto de 2019, e de conformidade co disposto no art. 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Visto que a mesma expúxose ao público por prazo de quince días, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 167 de data 4 de setembro de 2019, sen que durante o devandito prazo de exposición e oito días máis se presentaran reclamacións, reparos ou observacións.

Proponse o Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2018..

SEGUNDO. Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda e Función Pública.

5.-. Adhesión á asociación para a xestión do Xeoparque do Cabo Ortegal, aprobación dos seus estatutos reguladores., e nomeamento representante do concello

Sometese a consideración do Pleno da Corporación a proposta que se transcribe de seguido e que resultou aprobada por unanimidade dos asistentes

PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A ADHESIÓN Á ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL E APROBACIÓN DOS SEUS ESTATUTOS REGULADORES.

Antecedentes

O Concello de Moeche aprobou , en sesión plenaria de 16 de novembro de 2017 a súa adhesión ao Convenio de cooperación entre a Deputación da Coruña e os Concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Moeche, Ortigueira , San Sadurniño e Valdoviño para regular e sacar adiante o proxecto Xeoparque Cabo Ortegale.

Froito desa cooperación é a decisión adoptada polos citados concellos de crearen unha asociación, sen fin de lucro, que se encargue da xestión dos asuntos relacionados coa candidatura ante a Unesco e co funcionamento do futuro Xeoparque Cabo Ortegale.

En consecuencia e co obxectivo de avanzar no camiño de chegar a acadar a condición de Xeoparque Cabo Ortegale para o territorio que comprenden os sete concellos, esta **Alcaldía proponse ao Pleno da Corporación**, para o seu debate e, de ser o caso, aprobación, a seguinte

Proposta

Primeiro. Autorizar a adhesión do Concello de Moeche á Asociación para a xestión do Xeoparque do Cabo Ortegale formada polos Concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Moeche, Ortigueira , San Sadurniño e Valdoviño.

Segundo. Aprobar a proposta de estatutos para a constitución e funcionamento da Asociación para a xestión do Xeoparque do Cabo Ortegale que se achegan como anexo I a esta proposta.

Terceiro. Nomear a alcaldesa, Beatriz Bascoy Maceiras, como representante do Concello de Moeche, no proceso de constitución da dita Asociación e , así mesmo, á alcaldesa e á concelleira Iria Couce Rego ou persoas en quen

deleguen , como representantes na Asemblea Xeral da Asociación para a xestión do Xeoparque do Cabo Ortegal.

Cuarto. Comunicarlle este acordo ao Consello de Dirección da Comunidade Intermunicipal do Proxecto do Xeoparque Cabo Ortegal.

ANEXO

Estatutos da Asociación para a xestión do Xeoparque do Cabo Ortegal

1. CAPÍTULO I

Da asociación en xeral

Artigo 1º.-

Constitúese unha asociación sen ánimo de lucro das previstas na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e tendo en consideración a Disposición adicional quinta da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e demais disposicións legais. A asociación ten a seguinte denominación: "Asociación para a xestión do Xeoparque do Cabo Ortegal". A asociación rexerese polos citados estatutos, pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo e pola demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable.

Artigo 2º.-

No momento de constitución o domicilio social da asociación radicará na Casa Consistorial do concello de Moeche, estrada de San Ramón, s/n, 15563, situada na provincia da Coruña co teléfono 981 40 40 06 e a web www.moeche.gal.

Artigo 3º.-

A asociación, en funcións dos seus fins e do emprazamento do seu domicilio social, exercerá as súas actividades no ámbito territorial de Galicia, e fundamentalmente nos concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Moeche, Ortigueira, San Sadurniño e Valdoviño.

Artigo 4º.-

A asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade dos asociados expresada en sesión extraordinaria da Asemblea Xeral ou polas causas previstas na lexislación vixente.

A asociación nace sen patrimonio propio e aterase no seu réxime económico ás seguintes premisas:

- a. Terá un carácter non lucrativo.
- b. Para o cumprimento dos seus fins a asociación contará cun orzamento formado polas achegas anuais dos seus membros, así como por outros recursos aos que acceda a asociación.
- c. Todos os seus ingresos aplicaranse aos fins que constitúen o obxecto desta asociación, sen que caiba en ningún caso a súa repartición entre os asociados, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.
- d. O seu patrimonio será independente do dos seus asociados.
- e. Os beneficios obtidos pola asociación, derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, deberán destinarse exclusivamente ao cumprimento dos seus fins, sen que caiba en ningún caso a súa repartición entre asociados, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

- f. Anualmente a Xunta Directiva presentaralle á Asemblea Xeral unha memoria económica do exercicio xa rematado, xunto cos xustificantes de gasto que deberán ser de valor legal. Esta memoria deberá ser aprobada pola asemblea de socios.
- g. Para a contratación de servizos ou investimentos, a asociación estará suxeita á lexislación vixente de contratos do sector público.
- h. A asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

Artigo 5º.-

Son fins principais da asociación:

- 1. A promoción do desenvolvemento sostible e equilibrado do territorio que conforma o proxecto de Xeoparque do Cabo Ortegal, con especial apoio dos seus valores xeolóxicos, naturais e culturais, mediante o desenvolvemento de accións e a posta en marcha de actividades cuxo efecto repercute no beneficio das persoas que viven no devandito territorio.
- 2. A protección e conservación do patrimonio natural do territorio, facendo especial fincapé no seu patrimonio xeolóxico e a súa posta en valor como recurso, coa finalidade do desenvolvemento económico e social da súa poboación.
- 3. O fomento das ciencias da Terra no devandito territorio, nos ámbitos da investigación, educación (regrada e non regrada) e difusión, e o impulso doutras ciencias naturais e ambientais.
- 4. A posta en valor, dinamización, recuperación e difusión do patrimonio cultural.
- 5. A promoción e realización de actividades vinculadas ao patrimonio cultural material e inmaterial (lingua, tradicións, costumes, oficios, memoria oral, creación artística etc.), dándolles prioridade a aquelas actividades directamente relacionadas co patrimonio xeolóxico, paleontolóxico e arqueolóxico.
- 6. O fomento da educación ambiental, con especial atención aos valores propios do territorio.
- 7. O fomento do turismo, especialmente o vinculado á natureza, con especial atención aos seus valores xeolóxicos, así como o turismo cultural, sempre dentro dun marco de sustentabilidade.
- 8. A mellora da calidade e a oferta turística do territorio.
- 9. A dinamización de actividades económicas compatibles cos recursos naturais e culturais do territorio, apoiando especialmente as iniciativas relacionadas cos produtos locais.
- 10. A promoción e o apoio ás accións de cooperación con outras entidades que poidan contribuír ao impulso dos fins da asociación.
- 11. O fomento do contacto e da relación con outras entidades de natureza análoga que teñan entre os seus fins a promoción e defensa dos recursos naturais e culturais, e nomeadamente da figura dos xeoparques.
- 12. A realización doutras actividades que promovan o desenvolvemento económico, social e ambiental do territorio dos concellos vinculados ao proxecto do Xeoparque do Cabo Ortegal.

Para levar a cabo os seus fins a asociación poderá:

- a. Establecer as estruturas orgánicas e administrativas pertinentes.
- b. Facilitar o intercambio de información sobre temas relacionados co proxecto de Xeoparque do Cabo Ortegal nos concellos membros.

- c. Constituír os servizos de asesoramento e asistencia para os seus membros.
- d. Dirixirse aos poderes públicos e intervir con carácter consultivo, de ser o caso, na formulación da normativa legal que afecte aos seus municipios.
- e. Organizar e participar en reunións, seminarios e congresos.
- f. Promover publicacións e documentos nas materias propias das súas competencias.
- g. Realizar calquera outra actividade con suxeición á lexislación vixente.
- h. Planificar e executar programas anuais en directa relación coa súa finalidade e obxectivos.

2. CAPÍTULO II Das persoas asociadas

Artigo 6º.-

Poderán formar parte da asociación todos os concellos que integren o Proxecto de Xeoparque do Cabo Ortegal. O acordo de integración deberá ser adoptado polo órgano competente da Corporación interesada, no que se expresará a súa vontade de adhesión e o cumprimento dos presentes estatutos. Cada Concello nomeará unha persoa como representante na Asemblea Xeral.

A alta na asociación será solicitada pola Presidencia da Corporación, previo acordo plenario, mediante escrito dirixido á Presidencia da asociación, quen lle dará conta á Asemblea Xeral, e esta deberá acordar acceder ou non á admisión.

Calquera membro pode separarse da asociación, previo acordo plenario da Corporación correspondente. Esta separación causará efectos a partir da toma de coñecemento da asemblea xeral.

O membro que, por calquera causa, deixase de pertencer á asociación, estará suxeito ao cumprimento dos compromisos e obrigacións contraídas.

Artigo 7º.-

Os dereitos dos membros da asociación son:

- a. Asistir con voz e voto ás asembleas e reunións que se celebren.
- b. Ser candidatos aos cargos dos órganos de goberno.
- c. Participar nas áreas da asociación.
- d. Ter acceso aos arquivos, rexistros e documentos.
- e. Ter coñecemento da execución do orzamento.
- f. Solicitalle á Presidencia a convocatoria da Asemblea Xeral, segundo os casos, cando consideren que os seus dereitos fosen vulnerados, sen prexuízo da impugnación de acordos que poidan formular segundo a lexislación vixente.

Artigo 8º.-

As obrigas dos socios da asociación son:

- a. Cumprir os presentes estatutos e os acordos válidos da asociación e os seus órganos de goberno.
- b. Pagar as cotas regulamentarias e as achegas extraordinarias que, de ser o caso, puidesen establecerse.
- c. Velar pola consecución dos fins propostos, cumprindo con exactitude as disposicións estatutarias e os regulamentos.

Artigo 9º.-

A condición de socia alterarase por algún dos seguintes motivos:

- a. Por acordo da Corporación correspondente, segundo o disposto no artigo 6.3.
- b. Por deber máis dunha cota, perderase o dereito de voto nos órganos da asociación. Así mesmo, ningún concello con cotas pendentes poderá ser

membro da xunta directiva.

- c. Os concellos que estean neste suposto verán reducida a súa presenza nas accións promocionais que a asociación desenvolva, así como nos materiais editados pola mesma durante ese período.
- d. Perderase a condición de socio da asociación por falta de pagamento de tres cotas ou máis, cando unha vez realizado o requirimento, pasasen máis de tres meses sen o pagamento das cotas debidas.

Artigo 10º.-

Poderán participar na asociación os denominados “Membro amigo”, que serán entidades públicas ou privadas que teñan entre os seus obxectivos o desenvolvemento, defensa e promoción do Xeoparque do Cabo Ortegal e do seu territorio.

A condición de Membro amigo supón que pode participar nas reunións e asembleas da asociación con voz pero sen voto, non poderá formar parte dos órganos de goberno e non ten a obriga do pagamento de cotas.

Para obter a condición de Membro amigo a entidade ou organismo interesado deberá solicitarlle á Presidencia a admisión argumentando o seu vencello co territorio e co proxecto de Xeoparque do Cabo Ortegal. Será a Asemblea Xeral a que acorde acceder ou non á admisión.

Capítulo III DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 11º.-

Os órganos de goberno da asociación son os seguintes:

- a. Asemblea Xeral onde están representados todos os socios.
- b. Xunta directiva, que é o órgano do goberno da asociación e está formada pola Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría, Tesouraría e tres vogais.
- c. Presidencia

Artigo 12º.-

A asemblea é o órgano soberano da asociación e está formada por todos os representantes das Corporacións asociadas, representación que recaerá nas persoas que estas designen de conformidade coa súa normativa.

Artigo 13º.-

Son competencias da asemblea xeral:

- a. Aprobar a modificación dos estatutos.
- b. Aprobar o plan de actuacións da asociación.
- c. Aprobar os orzamentos e contas xerais, así como o regulamento de réxime interno.
- d. Aprobar as cotas ordinarias e achegas económicas extraordinarias.
- e. Disolver a asociación.
- f. Establecer a estrutura organizativa.
- g. Aplicar o réxime disciplinario e sancionador nos supostos previstos nos Estatutos e Regulamento Interno que os desenvolven.
- h. Aprobar a admisión de novos socios e membros amigo.

Artigo 14º.-

As sesións que celebre a asemblea xeral poderán ser ordinarias e extraordinarias.

A Asemblea Xeral reunirase con carácter ordinario polo menos unha vez ao ano; será convocada pola Presidencia cun mínimo de sete días naturais de antelación á data da súa celebración.

A Asemblea Xeral reunirase con carácter extraordinario cantas veces sexa necesario e

será convocada pola Presidencia ou por petición dun terzo dos socios. A convocatoria farase coa mesma antelación prevista no apartado anterior.

As asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela dous terzos dos asociados con dereito a voto; en segunda convocatoria, que se celebrará polo menos media hora máis tarde da primeira, quedará constituída a Asemblea Xeral sempre que asistan a persoa que ocupe a Presidencia e, polo menos, un terzo dos socios, coa excepción regulada no artigo 25 para a modificación de estatutos. Exercerá a Secretaría tanto da Asemblea Xeral como das reunións da xunta a persoa encargada da Secretaría da asociación.

Artigo 15º.-

Tanto para a sesión ordinaria da Asemblea Xeral como para a extraordinaria, a convocatoria haberá de facerse por escrito, expresando o lugar, o día e a hora da súa celebración. A comunicación da convocatoria poderá realizarse por correo electrónico ou por outro medio acordado previamente por todos os socios.

Acompañarase á convocatoria a orde do día, comprensiva dos asuntos a tratar, e deberase incluír naquela, necesariamente, calquera tema que estando dentro dos fins desta asociación, fose expresamente solicitado polo menos por un terzo dos membros.

Artigo 16º.-

Os acordos adoptaranse por maioría. En caso de empate, decidirá o voto de calidade da Presidencia.

Será necesario maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade destas, para:

- a. Nomeamento das xuntas directivas e administradores.
- b. Acordo para constituír unha federación de asociacións ou integrarse nelas.
- c. Disposición ou alleamento de bens integrantes do inmovilizado.
- d. Modificación de estatutos.
- e. Destitución da persoa que ocupe a presidencia.
- f. Disolución da entidade.

Artigo 17º.-

As sesións das Asemblea Xeral estarán presididas pola persoa que ocupe a Presidencia, asistido da Secretaría, quen levantará acta da sesión, na que se reflectirán as propostas e resolucións adoptadas.

Capítulo IV Doutros órganos da asociación

Artigo 18º.-

A Presidencia da asociación será designada por sorteo entre as persoas representantes de cada un dos concellos, e será posteriormente traspasada de forma rotativa e por orde alfabética de municipios. As persoas que ocupen os cargos da Vicepresidencia, Secretaría, Tesouraría e as tres vogalías que completan a Xunta directiva serán designadas por orde alfabética, a partir do concello que ocupe a presidencia.

A Vicepresidencia substituirá á Presidencia en caso de ausencia e, en casos concretos, poderá recibir a delegación do exercicio das súas competencias.

Artigo 19º.-

A duración do mandato da Presidencia será dun (1) ano.

Calquera dos membros da Xunta Directiva cesarán nos seus cargos polas seguintes

causas:

- a. Por dimisión, comunicada por escrito á Asemblea Xeral.
- b. Por perda da condición de membro da asociación.
- c. Por destitución mediante acordo da Asemblea Xeral en sesión extraordinaria, convocada para este só efecto, en tanto se celebre a seguinte asemblea xeral. Será necesario o voto da maioría absoluta dos asistentes.

As vacantes que se puidesen producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva, serán cubertas provisoriamente entre os ditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea xeral. En calquera caso, a Xunta Directiva debe estar integrada como mínimo por tres (3) concellos, que exercerán as funcións de Presidencia, Secretaría e Tesouraría.

Artigo 20º.-

A persoa que ocupe a Presidencia da asociación serao tamén da Asemblea Xeral, e terá as seguintes atribucións:

- a. Representar a asociación.
- b. Tutelar a Oficina Técnica de Xestión.
- c. Convocar e presidir as sesións da Asemblea Xeral, con voz, voto e voto de calidade.
- d. Ordenar e autorizar pagos.
- e. Asinar en nome da asociación cantos documentos públicos e privados sexan precisos para percibir calquera tipo de subvención, achegas derivadas de convenios e toda clase de cantidades e cobros por calquera concepto das Administracións públicas e dos organismos delas dependentes ou doutras entidades, públicas ou non, e para iso asinar os documentos públicos e privados que sexan precisos ou convenientes en nome da asemblea.

Artigo 21º.-

A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:

- a. A aprobación do programa de traballo e proxectos da asociación.
- b. A fixación e execución do orzamento tendo en conta as liñas marcadas pola asemblea xeral, segundo os recursos económicos dos que se dispoña.
- c. O nomeamento dunha Comisión Revisora de Contas que examine os balances económicos-financeiros e inventario dos bens da asociación e lle dea parte á Asemblea Xeral.
- d. Executar os acordos da asemblea xeral.
- e. Decidir sobre cuestións reservadas á asemblea xeral en caso de extrema urxencia, debendo ser ratificadas as ditas resolucións posteriormente pola asemblea xeral na seguinte sesión que celebre.
- f. Velar polo bo funcionamento da asociación.
- g. As competencias que a presidencia ou a asemblea xeral deleguen nela.

A duración do mandato dos membros de xunta directiva será dun (1) ano.

Artigo 22º.-

Son funcións da Secretaría:

- a. A función de xefatura dos servizos administrativos da asociación.
- b. Custodiar e levar ao día toda a documentación, arquivos e rexistros da asociación.
- c. Levantar actas dos acordos chegados na asemblea xeral e a xunta directiva e expedir certificacións destas co visto e prace da presidencia.

Son funcións da tesouraría:

- a. Custodiar os fondos da asociación e levar en orde a contabilidade.

- b. Dar cumprimento ás ordes de pagamento que expida a presidencia.
- c. Confeccionar os orzamentos anuais, os estados de contas e os balances da asociación.

Artigo 23º.-

A asociación poderá dispor dunha Oficina Técnica de Xestión asumindo as responsabilidades como órgano de xestión.

A Oficina Técnica de Xestión, de conformidade coas directrices marcadas pola Presidencia, establécese con orde a desenvolver coa maior eficacia técnica e profesional os obxectivos da asociación. De carácter eminentemente profesional haberá de resolver, planificar e executar os programas anuais. As funcións da Oficina Técnica de Xestión, incluídas as de xerencia, serán desempeñadas por persoal ou órganos técnicos vinculados ás corporacións das que forman a xunta directiva da asociación ou por persoal contratado pola asociación.

Son funcións da xerencia en virtude dos acordos previos, sen menoscabo das que lle fosen encargadas pola presidencia, as seguintes:

1. Asistencia técnica á presidencia e coordinación xeral dos proxectos e das accións da asociación.
2. Propoñerlle á Presidencia as accións técnicas e profesionais propias dos obxectivos da asociación.
3. Relacións de carácter técnico e profesional coas Administracións públicas e entidades privadas.
4. Convocar reunións técnicas en cantas ocasións fosen necesarias para levar adiante as propostas profesionais derivadas dos obxectivos da asociación ou dos compromisos profesionais que puidesen xurdir.
5. Elaborar a proposta de orzamentos anuais con desagregación por accións concretas e o orzamento de gastos e mantemento da Oficina Técnica de Xestión.
6. Auxiliar e asesorar á presidencia e aos concellos membros respecto das estratexias que se poden desenvolver, dos documentos técnicos que se poden redactar, así como en cantas accións, plans ou proxectos que poidan ser beneficiosos para a asociación.
7. Propoñer accións para a elaboración de produtos turísticos do territorio e establecer contactos e relacións coas empresas e servizos turísticos relacionados coa asociación.
8. Planificar e organizar os programas anuais de traballo da asociación en orde a conseguir os obxectivos que se expoñen para a mesma.
9. Asistir e participar en cantas actividades e convocatorias públicas ou privadas sexan de interese para os obxectivos desta asociación.

Capítulo V Réxime económico

Artigo 24º.-

O Patrimonio da asociación pode estar integrado por toda clase de bens, dereitos e obrigas susceptibles de valoración económica.

1. A asociación constitúese sen patrimonio inicial.

Artigo 25º.-

A dotación patrimonial da asociación estará integrada por todos os bens e dereitos que constitúen a dotación inicial da asociación e por aqueles outros que no sucesivo se acheguen á mesma con ese carácter.

Artigo 26º.-

Os recursos da asociación procederán de:

- a. As cotas ordinarias de carácter anual que serán proporcionais tendo en consideración o censo de habitantes dos concellos membros.
- b. As achegas extraordinarias que deberán ser ratificadas polos respectivos plenos.
- c. As subvencións ou axudas que se reciban.
- d. Os rendementos propios do seu patrimonio e derivados das súas actividades e publicacións.
- e. As doazóns que poida recibir.
- f. Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

As cotas ordinarias terán carácter anual e serán determinadas pola asemblea xeral proporcionalmente á poboación actualizada de cada concello.

O pagamento das cotas deberá realizarse no primeiro trimestre do ano, e será causa de apercibimento a súa falta de pagamento.

A asociación levará unha contabilidade que permita obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como cantas obrigacións contables determinen as normas específicas que resulten de aplicación a esta asociación.

O exercicio económico coincidirá co ano natural e terminará o día 31 de decembro de cada ano excepto no caso de disolución da asociación, nese caso o peche será o da asemblea que aprobe a disolución. A data de apertura do exercicio económico coincidirá co 1 de xaneiro, excepto no caso da súa fundación que será a data da súa acta fundacional.

Capítulo VI Modificación dos estatutos

Artigo 27º.-

A modificación dos estatutos deberá ser aprobada pola asemblea xeral en sesión extraordinaria. Para a súa constitución válida será necesaria a presenza, en primeira convocatoria, de cinco (5) dos seus membros. Na súa segunda convocatoria, quedará constituída validamente con, polo menos, catro (4) asociados.

O acordo de modificación adoptarase por maioría absoluta das persoas asistentes.

Capítulo VII Disolución da asociación

Artigo 28º.-

O acordo de disolución deberá ser adoptado en sesión extraordinaria pola asemblea xeral convocada para o efecto, e por unha maioría absoluta dos asistentes. Son causas de disolución da asociación:

- a. Por acordo da asemblea xeral extraordinaria
- b. Polas causas determinadas no artigo 39 do Código civil
- c. Por resolución xudicial e firme

Acordada a disolución, a asemblea constituirase na Comisión liquidadora, que procederá á liquidación da asociación, repartindo o patrimonio social entre entidades sen fin de lucro, preferentemente vinculadas co ámbito territorial da asociación, unha vez deducidos os recursos para o cumprimento das obrigacións pertinentes.

Disposición adicional

En calquera outro suposto non recollido nestes estatutos, aplicarase a vixente Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

6.- Aprobación provisional, da modificación da ordenanza fiscal nº nº 11 reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica

Sometese a consideración do Pleno da Corporación a proposta de modificación da ordenanza fiscal nº nº 11 reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica que se transcribe de seguido, e que foi informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas en sesión de 16 de outubro de 2019 é que resultou aprobada por unanimidade dos asistentes:

No artigo 93.1 Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, recóllese as exencións aplicables no Imposto sobre vehículos de tracción mecánica, concretamente o apartado e) establece que estarán exentos tanto os vehículos para persoas de mobilidade reducida como os vehículos matriculados a nome de discapacitados para o seu uso exclusivo. Os devanditos efectos, considéranse persoas con minusvalía quen teña esta condición legal nun grao igual ou superior ao 33 por cento

Non obstante o artigo 2 do Real Decreto 1414/2006 polo que se determina a consideración de persoa con discapacidade para os efectos da Lei 51/2003, de 2 de decembro, de Igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, indica que: *Para os efectos do disposto na Lei 51/2003, do 2 de decembro, o grao de minusvalía igual ao 33 por cento acreditarase mediante os seguintes documentos:*

- a) Resolución ou certificado expedidos polo Instituto de Maiores e Servizos Sociais (IMSERSO) ou órgano competente da Comunidade Autónoma*
- b) Resolución do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) recoñecendo a condición de pensionista por incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez*
- c) Resolución do Ministerio de Economía e Facenda ou do Ministerio de Defensa*

recoñecendo unha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

E dicir, prodúcese unha equiparación entre o recoñecemento do grado de minusvalía superior o igual ou superior o 33% co recoñecemento das devanditas pensións

Por outra banda o artigo 95.6.B do TRLHL establece a posibilidade de fixar unha bonificación da tarifa do imposto en función das características dos motores dos vehículos e a súa incidencia no medio ambiente

Considerando beneficioso para os intereses dos veciños a equiparación do recoñecemento dun grao de minusvalía igual ou superior o 33% co recoñecemento das pensións indicadas no artigo 2 do Real Decreto 1414/2006 polo que se determina a consideración de persoa con discapacidade para os efectos da Lei 51/2003, de 2 de decembro, de Igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

E considerando igualmente importante a incidencia que sobre o medio ambiente ten a utilización de vehículos menos contaminantes

Propónse a Comisión Especial de Contas **INFORMAR FAVORABLEMENTE** a proposta que se transcribe propoñendo Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO,- Modificar a ordenanza fiscal nº 11 reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica que queda redactada como segue

ORDENANZA FISCAL NÚM. 11 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

Artigo 1.-Fundamento e réxime.

De conformidade co establecido no art. 59.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica é un tributo de imposición obrigatoria que se esixirá de acordo con dita Lei e as disposicións que a desenvolven. Ao abeiro do disposto no art. 106 da Lei 7/85,

do 2 de abril, Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Moeche procede a aprobar a presente Ordenanza Fiscal que ten por obxecto regular aqueles aspectos que a Lei remite á súa determinación por parte da Corporación.

Artigo 2.-Cota tributaria.

O Concello de Moeche aplicará un coeficiente de **1,10** sobre o cadro de tarifas incluído no artigo 95 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais

Artigo 3.-Exencións.

3.1.-Estarán exentos do imposto:

a) Os vehículos oficiais do Estado, comunidades autónomas e entidades locais adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadá.

b) Os vehículos de representacións diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España, que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados e a condición de reciprocidade na súa extensión e grado.

Así mesmo, os vehículos dos organismos internacionais con sé ou oficina en España e dos seus

funcionarios ou membros con estatuto diplomático.

c) Os vehículos respecto dos que así se derive do disposto en tratados ou convenios internacionais.

d) As ambulancias e demais vehículos directamente destinados á asistencia sanitaria ou ó traslado de feridos ou enfermos.

e) Os vehículos para persoas de mobilidade reducida a que se refire o apartado A do Anexo II do

Regulamento Xeral de Vehículos, aprobado polo Real Decreto 2822/1998, de 23 de decembro.

Así mesmo, estarán exentos vehículos matriculados a nome de persoas con discapacidade para o

seu uso exclusivo. Esta exención aplicarase en tanto se manteñan ditas circunstancias, tanto aos vehículos conducidos por persoas con discapacidade

como aos destinados ao seu transporte.

As exencións previstas nos dous parágrafos anteriores non resultarán aplicables ós suxeitos pasivos beneficiarios delas por máis dun vehículo simultaneamente.

A efectos do disposto neste parágrafo, considéranse persoas con discapacidade conforme ao disposto na Lei 51/2003, de 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade:

- Quen teña está condición legal en grao igual ou superior ó 33%,
- Quen teña recoñecida a condición de pensionista por incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez por resolución do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS)
- Quen teña recoñecida unha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade por resolución do Ministerio de Economía e Facenda ou do Ministerio de Defensa

f) Os autobuses, microbuses e demais vehículos destinados ou adscritos ó servizo de transporte público urbán, sempre que teñan unha capacidade que exceda de nove prazas, incluída a do condutor.

g) Os tractores, remolques e semirremolques e maquinaria provistos de Cartilla de Inspección Agrícola.

3.2.-Para poder aplicar as exencións a que se refiren os parágrafos e) e g) do apartado 1 deste artigo, os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e a causa do beneficio, e achegar a seguinte documentación:

Vehículos conducidos por persoas con discapacidade:

- Acreditación da incapacidade mediante algún dos seguintes documentos:
 - *Resolución ou certificado expedidos polo Instituto de Maiores e Servizos Sociais (IMSERSO) ou órgano competente da Comunidade Autónoma no que conste o grao ou clase.*
 - *Resolución do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS)*

recoñecendo a condición de pensionista por incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez

- *Resolución do Ministerio de Economía e Facenda ou do Ministerio de Defensa recoñecendo unha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.*
- Fotocopia do permiso de condución do discapacitado.
- Fotocopia do permiso de circulación a nome do discapacitado.
- Fotocopia da póliza do seguro na que figure o discapacitado como condutor habitual.
- Fotocopia do DNI.
- Fotocopia da ficha técnica do vehículo.

Vehículos destinados ao transporte de persoas con discapacidade:

- Acreditación da incapacidade mediante algún dos seguintes documentos:
 - *Resolución ou certificado expedidos polo Instituto de Maiores e Servizos Sociais (IMSERSO) ou órgano competente da Comunidade Autónoma no que conste o grao ou clase.*
 - *Resolución do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) recoñecendo a condición de pensionista por incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez*
 - *Resolución do Ministerio de Economía e Facenda ou do Ministerio de Defensa recoñecendo unha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.*
- Fotocopia do DNI da persoa con discapacidade e do condutor habitual do vehículo.
- Fotocopia do permiso de circulación a nome do discapacitado.
- Fotocopia da póliza de seguro do vehículo na que figure o seu condutor habitual.
- Fotocopia da ficha técnica do vehículo.

No caso de presentación de fotocopias, exhibirase o orixinal.

As exencións que se concedan en calquera dos dous supostos anteriores, non

serán aplicables ós

suxeitos pasivos beneficiarios das mesmas por máis dun vehículo simultaneamente.

En caso de presentar a solicitude de exención con posterioridade ó devengo do imposto, a concesión da exención terá efectos dende o período impositivo seguinte ao da solicitude.

Tractores, remolques e semirremolques e maquinaria provistos de Cartilla de Inspección Agrícola:

- Fotocopia de permiso de circulación, que debe figurar a nome da mesma persoa que conste na cartilla de inspección agrícola.
- Na cartilla de inspección agrícola e no permiso de circulación constará como domicilio o concello de Moeche.

Artigo 4.-Bonificacións.

4.1.-Os suxeitos pasivos que teñan ao seu nome o vehículo, poderán solicitar unha bonificación do 100% na cota do imposto, cando o vehículo esta catalogado de histórico ou teña unha antigüidade mínima de 25 anos, contados a partir da data de fabricación. Si esta non se coñecera, tomarase como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data na que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar.

A bonificación establecida no apartado anterior será de natureza regrada a terá carácter rogado, debendo ser solicitada expresamente polo suxeito pasivo ante o Concello acompañando a documentación acreditativa que en todo caso será como mínimo a seguinte:

- Fotocopia da ficha técnica do vehículo.
- Fotocopia de permiso de circulación.
- Fotocopia do permiso de conducir.
- Certificado de fabricación, primeira matriculación ou data en que se deixou de fabricar.

4.2.-Terán unha bonificación **do 40%** sobre a cota do IVTM os vehículos híbridos eléctricos (vehículos que combinan motores eléctricos e de combustión). Igualmente terán a mesma bonificación os vehículos eléctricos. O petitionario deste beneficio fiscal deberá instar a súa concesión acompañando á solicitude unha copia da ficha de características técnicas do vehículo na que conste que este é un vehículo de motor híbrido eléctrico ou integramente eléctrico. Achegarán tamén, unha copia do permiso de circulación, aos efectos de acreditar a titularidade do vehículo. A persoa petionaria deberá estar ao corrente do pago do imposto.

4.3.- As bonificacións regradas no presente apartado non son aplicables simultaneamente.

4.4.- Os acordos sobre os que se recoñezan ás persoas interesadas as bonificacións previstas nos apartados 1 e 2 anteriores, terán efectos a partir do exercicio seguinte ao da súa petición, agás nos supostos de declaración de alta dos vehículos de motor eléctrico ou híbridos, en cuxo caso terán efectos no propio exercicio, sempre que a persoa titular solicite a bonificación e acredite o dereito á mesma, nos termos que se establecen nos apartados anteriores

Disposición derradeira

A presente modificación da ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno do Concello en sesión celebrada o 17 de outubro de 2019, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP, e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2020, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO.- Darlle ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales, as persoas interesadas, poderán examinalo e expor as reclamacións que consideren oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na páxina web deste Concello, na dirección <https://www.moeche.gal>.

TERCEIRO.- Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais,

7.- Incorporación na Mesa de Coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero

Sometese a consideración da Corporación a proposta que se transcribe de seguido e que foi aprobada por unanimidade dos asistentes:

Proposta de integración do Concello de Moeche na Mesa Local de Coordinación Institucional contra a violencia de xénero

A Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a violencia de xénero é un instrumento operativo no que están representados todos os ámbitos municipais implicados directa ou indirectamente na loita contra a violencia de xénero que foi creada no Concello de San Sadurniño. Dela forman parte representantes políticos e técnicos do citado Concello, o responsable de coordinación do Centro de Saúde, o sarxento da Garda Civil e a orientadora do CPI. É un organismo de carácter técnico creado hai tres anos e que se reúne cada seis meses con carácter ordinario -e de forma urxente se as necesidades así o requiren- co obxectivo de continuar avanzando na loita contra a lacra social da violencia machista.

A súa finalidade principal deste foro é poñer en común e unificar estratexias de cara a lograr maior efectividade e axilidade na resposta ante o problema, traballando para iso na detección precoz, na intervención inmediata, no seguimento dos casos -especialmente na atención ás vítimas- e en todo o relacionado con campañas de sensibilización e educación.

Para alcanzar os seus obxectivos, a MLC funciona xuntando os puntos de vista e o coñecemento de todas as partes implicadas, é dicir, mirando o problema con máis detalle, definindo os indicadores que se deben ter presentes e, a partir deles, poñer en marcha estratexias de actuación conxuntas. De feito, unha das queixas máis repetidas nos foros profesionais que abordan a violencia

de xénero é a da diversidade de procedementos preventivos e de actuación existentes nas administracións e noutras entidades públicas e privadas. Todos eles válidos e útiles, pero seguramente máis efectivos se no ámbito territorial dun municipio están coordinados.

A comezos deste ano a citada Mesa acordou propoñer a integración neste organismo de máis axentes e entidades, entre eles o Concello de Moeche ou o Xulgado de Ferrol

A concelleira Iria Couce Rego asistiu a unha das últimas xuntanzas da Mesa en calidade de convidada para ver como funciona o organismo ante a posibilidade de que Moeche entre formar parte del, propiciando o traballo conxunto de ambos municipios neste ámbito.

Un dos proxectos máis importantes que saíu desta Mesa Interinstitucional foi o deseño dun protocolo contra a violencia de xénero no ámbito escolar, centrado especificamente na prevención, na detección e na actuación arredor da violencia de xénero entre a rapazada nos centros de ensino. Neste caso un dos seus destinatarios é a mocidade do concello de Moeche quen asiste na súa meirande parte ao CPI San Sadurniño para cursar a ESO e, polo tanto, comparte espazo coa mocidade do concello veciño, ademais de compartir centro de saúde cando menos ata a idade de 14 anos.

A concelleira Iria Couce (naquel momento concelleira de Igualdade) comprometeuse naquela reunión a presentar o protocolo no consello escolar do CEIP San Ramón de Moeche tras adaptar ou elaborar de novo unha parte específica para as franxas de idade de educación primaria e unha vez que se acorde a integración do noso Concello na Mesa de Coordinación Interinstitucional. Por todo o exposto, esta Alcaldía proponlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro. A integración do Concello de Moeche na citada Mesa de Coordinación Interinstitucional contra a violencia de xénero

Segundo. Nomear como representantes do Concello de Moeche na citada Mesa a concelleira Cristina García Rey, como representante política, e a

traballadora social, Cristina Rodríguez, como o representante técnica

Terceiro: Darlle conta deste acordo ao Concello de San Sadurniño e solicitar que así llo comunique ás diferentes entidades integrantes da Mesa.

8.- Moción do grupo municipal do Partido Popular para reclamar o goberno de España a aprobación do Plan Integral de Alzheimer 2019-2022

Sometese a consideración da Corporación a moción que se transcribe de seguido

El Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento de Moeche, conforme a lo previsto en el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Xurídico de las Entidades Locals, desea elevar al Pleno Municipal la siguiente Moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

La enfermedad del Alzheimer está considerada como la gran epidemia de este siglo, es una patología neurodegenerativa que se manifiesta a través del deterioro cognitivo y trastornos conductuales. Se caracteriza en su forma típica por una pérdida de la memoria inmediata y de otras capacidades mentales, a medida que mueren las células nerviosas y se atrofian diferentes zonas del cerebro. La enfermedad suele tener una duración media aproximada después del diagnóstico de 10 años, aunque esto puede variar en proporción directa con la severidad de la afección al momento del diagnóstico.

En nuestro municipio esta patología afecta a la población mayor de 65 años, aunque existen otra patologías con entidad propia, como el deterioro cognitivo leve, que puede evolucionar o no a la demencia. Estos datos son lo suficientemente altos como para abordar con rigor medidas que atenúen los efectos de esta patología.

Por estas razones, y haciendo un llamamiento a todos los representantes públicos de esta Corporación y a su sentido del deber y de la responsabilidad, el Grupo Municipal Popular insta al Pleno del Ayuntamiento de Moeche a

adoptar los siguientes acuerdos:

PRIMERO.- Instar al Gobierno de España a poner en marcha, en los próximos meses, un Plan Integral de Alzheimer 2019-2022, en coordinación con Las Administraciones autonómicas y locales, que deberá contemplar, entre otras cuestiones, las siguientes:

- a) La elaboración de un censo de pacientes o saber con predicción epidemiológica existente, cuántos enfermos de Alzheimer y otras demencias hay en nuestra comunidad y cuántos realmente están diagnosticados, tratados y atendidos
- b) Fomentar el incremento del número de profesionales sanitarios y sociales, con la formación específica para atender eficazmente a estos pacientes.
- c) Garantizar una atención integral, de calidad y adecuada, buscando la mayor autonomía posible del paciente.
- d) Creación de unidades multidisciplinares en hospitales para el abordaje clínico y sociosanitario de esta patología.
- e) La realización de un estudio de los costes reales de la enfermedad de Alzheimer, en un plazo no superior a seis meses.
- f) Los instrumentos necesarios para un diagnóstico precoz y prevención de la enfermedad.
- g) Impulsar los tratamientos de estimulación cognitiva tecnológica, junto con los tradicionales, para la prevención del avance/deterioro cognitivo, contando con las Asociaciones de Familiares de Alzheimer como instrumento fundamental para la prestación del servicio.
- h) Desarrollo de servicios de atención domiciliaria específico para atención a los pacientes con movilidad reducida.
- i) Aumento del número de plazas de centros de día para enfermos con Alzheimer y mayor dotación para el transporte no sanitario de estos pacientes.
- j) Un plan de formación y capacitación de los agentes sociosanitarios para

favorecer el diagnóstico precoz

- k) Impulso la investigación científica dirigida a la prevención de la enfermedad en fase asintomática.
- l) Seguir apoyando la investigación social, contando con el conocimiento de las Asociaciones de Familiares con Alzheimer, promoviendo alianzas de colaboración con los centros y entidades que son referentes en investigación de la enfermedad. Así como:
- m) Sufragar servicios de respiro familiar para aliviar la sobrecarga que soportan los familiares, que pueden traducirse en un incremento de los gastos familiares, sanitarios y sociales,
- n) Incentivar la colaboración de entidades privadas con las asociaciones de pacientes declaradas de utilidad pública.

SEGUNDO.- Dar traslado de estos acuerdos a la Presidencia y Vicepresidencia del Gobierno, a la Ministra de Sanidad, Consumo y Bienestar Social en funciones y a los Portavoces de los Grupos Parlamentarios.

Aberto o debate, toma a palabra a **Sra Bascoy Maceiras**, que indica que o seu grupo vai a votar a favor da proposta pero que entende que solicitar do goberno do etado o aumneto dos centros de día queda fora de lugar por canto é unha competencia da Xunta

Sometida a votación a proposta antedita, resultou aprobada por unanimidade dos asistentes

9.- . Moción presentada polo grupo municipal do BNG en contra da violencia machista

Sometese a consideración da Corporación a moción do Grupo municipal do BNG que se transcribe de seguido

O grupo municipal do BNG do concello de Moeche, ao abeiro do marco legal vixente, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno,

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de marzo de 2019 o feminismo galego volveu facer historia cunha folga e unha serie de mobilizacións previas que superaron a asistencia e expectativas xeradas após a tamén histórica xornada do 8 de marzo de 2018. Porén, a resposta esixida nas rúas non ten chegado na parte que compete ás administracións públicas e é preciso tomar conciencia da necesidade de incrementar os esforzos a realizar.

Recentemente Galiza, e tamén outros pobos do Estado español, volvían vivir asasinatos machistas que fixeron saltar a alarma social pero que, porén, unha vez máis, non mereceron comparencias específicas dos gobernos como si o fixeron outros asuntos. No mes de xullo, galegas e galegos volvíamos saír ás rúas para condenar un novo feminicidio en Galiza, no concello de Vilalba. Cómpre recordar tamén que este último asasinato tiña lugar despois de que unha orde de afastamento fora quebrantada, o que nos recorda a necesidade imperiosa de mellorar os mecanismos de protección existentes e de mellorar e aumentar os recursos existentes.

A estes feitos únense unha longa lista de acontecementos recentes que non son unha excepción, senón que son habituais na nosa realidade máis achegada, e que nos recordan a necesidade de apostar por máis medidas para unha transformación social urxente que debilite o sistema patriarcal que nos violenta e asasina. Recordamos, por exemplo, novos concursos sexistas que tiveron que ser cancelados por presión social, denuncias por agresións sexuais en festas e festivais, agresións verbais aos puntos lilás de moitos eventos, sentenzas patriarcais, puntos de encontro con condicións inadecuadas e, unha vez máis, pechados no mes de agosto ou problemas coa rede de casas de acollida ao tempo que o tan publicitado Pacto de Estado é un titular máis do que unha realidade (sen supoñer aínda un só cambio legal relevante para as mulleres galegas) e o cumprimento da Lei galega de 2007 está a ser sistematicamente vulnerado en cuestións tan importantes como a atención psicolóxica dentro da Atención Primaria.

Son moitos os sinais de alerta dunha situación insoportábel e que non se arranxa con medidas cosméticas como posicionamentos puntuais nas efemérides ou xestos exclusivamente simbólicos e baleiros de contido e compromiso. As administracións teñen unha responsabilidade que debe cumprirse, corrixir o que non funciona e incrementar as actuacións.

ACORDO

1. Expresar o recoñecemento da Corporación ás mobilizacións desenvolvidas polo feminismo galego.
2. Comprometerse a incrementar os recursos económicos destinados á prevención e loita contra a violencia machista no vindeiro exercicio económico.
3. Demandar do goberno central:
 - a) o incremento cando menos no dobre as contías destinadas á administración local para o vindeiro exercicio económico, procurando os mecanismos legais oportunos para garantilos con independencia da situación política estatal e da existencia ou non de novos orzamentos
 - b) a reformulación dos criterios de reparto para que se teñan en conta as especificidades do noso país como son a dispersión, o alto número de entidades de poboación e o avellentamento para que Galiza deixe de estar discriminada a ese respecto.
 - c) impulsar as medidas oportunas para deixar de incumplir o Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica (Convenio de Istambul)
3. Demandar da Xunta de Galiza:
 - a) Un incremento substancial dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero que, como mínimo, deben situarse no 1% dos orzamentos da Xunta de Galiza para o ano 2020.
 - b) Deixar de incumplir a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero comprometendo os recursos persoais e económicos necesarios para paliar os efectos negativos do seu

incumprimento e da política económica aplicada durante a última década do Goberno da Xunta.

Aberto o debate, intervén a **Sra Méndez Vilela** que manifesta o que segue:

“Nos imos apoiar sempre este tipo de accións, e ante calquer tipo de violencia, pero discrepo no plantexamento do punto 3 (Demandar da Xunta de Galicia), e o vou avalar con datos, coas políticas impulsadas desde a Xunta neste eido. En Galicia gozamos dunha normativa avanzada, a Lei 11/2007 do 27 de xullo, normativa galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de género. Pioneira no Estado e moito máis ampla e ambiciosa que a Lei Orgánica Estatal de 2004.

Concretamente neste ao 2019, a Xunta de Galicia conta co orzamento máis grande da historia para traballar en prol da igualdade e na loita contra a violencia de xénero, máis de 25M de euros.

A Xunta avala con feitos e ao que atinxe ao investimento concreto é moi superior ao que destinaba o bipartito no anterior goberno. No ano 2009 era 2,8M de euros fronte aos 6,10M de euros que a Xunta esta destinando actualmente con fondos propios. Quería matizar isto porque tal e como o reflexades na moción parece que a Xunta permanece inmóvil ante esta problemática.

E xa para rematar, confirmo que nos sumaremos encarecidamente á calquer acción e campaña de sensibilización fronte á violencia de xénero e fronte a calquer tipo de violencia.”

Sometida a votación a moción antedita, resultou aprobada por unanimidade dos asistentes

10.- Moción da Alcaldía de apoio á demanda promovida pola Asociación de Empresarios de Ferrolterra relativa ao Corredor Atlántico Ferroviario cun trazado polo norte que conecte Monforte con Ferrol e A Coruña.

Sometese a consideración da Corporación a moción da Alcaldía que se transcribe e que resultou aprobada por unanimidade dos asistentes

Moción da Alcaldía de apoio á iniciativa proposta pola Plataforma Atlántico Norte (PAN) e apoiada por la Asociación de Empresarios Ferrolterra (AEF)

A Asociación de Empresarios Ferrolterra (AEF) dirixiuse ao Concello de Moeche para a solicitar o noso apoio á demanda de que o trazado do Corredor Atlántico Ferroviario en Galicia se desenvolva en forma de galleda “Monforte-

Vigo” e “Monforte-Ferrol- A Coruña

Tal e como indica esta entidade, actualmente, todo indica que se está apostando polo trazado Monforte-Vigo-A Coruña, prexudicial para as Comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal xa que diminuíra a capacidade competitiva das empresas da provincia da Coruña e especialmente das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal. Este trazado

obrigaría a que os tráxicos de mercadorías A Coruña-Ferrol, cheguen vía Vigo e non de forma directa, como sería o desexable se se respectase o trazado inicial en forma de gallada.

Ambas conexións ferroviarias son esenciais para o desenvolvemento económico empresarial de Galicia, a posta en valor dos portos galegos e impulso da intermodalidade Os portos da A Coruña y Ferrol, deben estar incorporados ao sistema loxístico del Noroeste Galego, posibilitando o acceso a axudas europeas (Conecta Europa) para mellorar a liña ferroviaria que permitan a circulación de trens con tecnoloxía actual (eléctricos, velocidades adecuadas, sistemas de seguridade, etc.). Outra das vantaxes que se obtería con este trazado é a conexión do tecido empresarial do noroeste de Galicia, con Europa, favorecendo o acceso a os mercados. Ao mesmo tempo, sería unha aposta por un transporte sostible.

Desde a Asociación de Empresarios Ferrolterra (AEF), consideramos que no podemos permitirmos perder esta oportunidade e solicitan das diferentes forzas políticas do territorio o apoio para que o corredor chegue aos portos da Coruña e Ferrol , así como para que a actual e potencial industria do noso contorno que xere tráfico de mercadorías, poida desenvolver a súa actividade en igualdade de condicións. Todo iso nunha aposta pola competitividade, o progreso económico e o emprego nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.

Por todo isto , **esta Alcaldía proponlle ao Concello Pleno** a adopción do seguinte acordo:

1. Aprobación e apoio á proposta da iniciativa da Plataforma Atlántico Norte (PAN) e apoiada pola Asociación de Empresarios Ferrolterra (AEF), para que o

trazado do Corredor Atlántico Ferroviario en Galicia de forma directa aos Portos da Coruña-Ferrol.(achégase documentación como anexo)

2.- Traladarlle ao Ministerio de Fomento e á Comisión Europea este apoio ao trazado:

- * Monforte-Lugo-A Coruña-Ferrol
- * Monforte-Vigo.

11.- Rogos e preguntas

Interven en primeiro lugar a **Sra Méndez Vilela:**

- En relación co tema da violencia de xénero, teño que manifestar que ante o tráxico suceso acontecido no mes de setembro no concello pontevedrés de Valga e vendo as numerosas mostras de solidariedade que emanaban todos os Concellos a través dun minuto de silencio con todas as formacións políticas presentes, o Grupo Popular de Moeche votou en falta a postura unánime e o compromiso ao que me refería anteriormente. Estou convencida que visibilizar un problema é crear conciencia, e a concienciación social foi e é esencial para erradicar este problema. E debo aportar outro dato máis, Moeche é un dos cinco concellos de Galicia donde a totalidade das formacións políticas está encabezada por mulleres e isto debería redundar nunha maior sensibilidade se cabe. E xa para rematar, confirmo que nos sumaremos encarecidamente á calquer acción e campaña de sensibilización fronte á violencia de xénero e fronte a calquer tipo de violencia, os minutos de silencio conlevan visibilizar o problema e crear conciencia, a foto de dúas forzas nunha posición unánime es importante. . Resposta a **Sra. Bascoy Maceiras**, en canto os minutos de silencio, aquí facíanse ata o ano 2015, e deixamos de facelo porque non viña ninguén, de feito no caso que citas o fixemos e etabamos dúas persoas, unha funcionaria e eu, a xente traballa e non pode saír a media mañá para facer un minuto de silencio, aque, por outra parte, e tal e como está a situación, son símbolos que case rozan a ironía, a foto de dúas persoas pode dar imaxe de febleza , pero non teño ningún problema en facelos. Aquí tivemos un caso moi grave e o Partido Popular non fixo nada foi o BNG que se moveu para conseguir que se lle dera apoio legal e que se lle concedera o “salario da liberdade”

Continua a **Sra Mendez Vilela :**

- Aproveito esta ocasión para recordar que o pasado 29 de xuño o Concello de Moeche tiña programado un curso de autodefensa persoal que se anunciou a través de redes e do boletín Andaina e que se cancelou por correo electrónico o mesmo día da celebración. Dende entón, van 4 meses e aínda non se fixou unha nova data para levadlo a cabo. Estamos recibindo subvencións dirixidas contra a violencia machista e haberá que xestionar eses cartos correctamente. Resposta a **Sra. Bascoy Maceiras**.- O Curso de autodefensa suspendeuse porque non se cubriu o número mínimo de prazas, esta previsto celebralo a finais de novembro e para elo estase dando información en todas as escolas de adultos do concello para así chegar o maior número de persoas posibles
- O día 1 de setembro comunicabas que a oficina de turismo permanecería pechada toda a semana por “descanso do persoal” ata o 9 de setembro. Cal é o motivo para pechar?. É incoherente facelo na primeira semana de setembro, creo que non é necesario que asegure que recibimos máis turismo eses días que a finais de novembro. Resposta a **Sra. Bascoy Maceiras**, e certo o que dis, pero prevalecen os dereitos laborais, e nesas datas a persoa que leva a oficina de turismo tiña exames oficiais, polo que era obrigado darllos, non obstante a información turística continuou dándose no castelo
- Sobre a recollida de plásticos agrícolas que asume agora o Concello, qué coste ten?. A Diputación a través do Servizo de Desenvolvemento Territorial e de Medio Ambiente sacou unha subvención para accións en materia de medio ambiente, que poderíamos haber solicitado desde o Concello e destinala ao servizo de recollida de plásticos agrícolas é tamén a erradicación da alta presenza dos nidos de avispas velutinas que hai neste concello. Resposta a **Sra. Bascoy Maceiras**, que sinala que esta asinado un convenio entre a consellería e os Concellos polo cal o custo da recollida dos plásticos agrícolas era a cargo da Consellería, e, da noite a mañá nos din que non se vai a recoller mais, nun calro incumplimento do convenio, polo que o ten que asumir o concello. O custo da recollida son 400 €/tonelada, máis o custo de camiión dende as granxas o punto de recollida, na subvención de Diputación non entra este suposto, e unha subvención moi específica e habería que aportar un 20%, temos que sopesar que é prioritario e valorar que subvencións se solicitan. Polo que se refire o da retirada de niños de velutina, é competencia da comunidade autónoma, o concello non pode seguir asumindo gastos que non son competencia local.

- A Consellería de Política Social, ten un programa que o vexo moi interesante e adaptado para Moeche. Trátase do programa “Acompañó”, destinado a persoas maiores de 65 anos que se atopan soas, e están dispostas a que un voluntario os acompañe. O noso concello presenta un índice moi alto nesta situación de soidade. Un programa que funciona moi ben en outros concellos e ao Partido Popular de Moeche gustaríalle que saise adiante. Resposta a **Sra. Bascoy Maceiras** que indica que a traballadora social esta mirando o tema para ver como se pode articular.
- Por último, o Festival Irmandiño 2019, alcaldesa, nas súas propias palabras “O calendario anual funciona para motos veciños e veciñas de Moeche ao ritmo que marca a celebración do Festival Irmandiño”, vese que algo pasou ese calendario que se perdeu unha liña de subvención que habilita a Diputación desde o 16 de xaneiro ata o 15 de febreiro. Perdemos esta subvención que é un gran oportunidade de reforzar e potenciar o Festival. A esto súmase outro factor, que era o 40 aniversario e a súa implicación debía ser linda maior” Resposta a **Sra. Bascoy Maceiras** que indica que estas ubvencions son para os concellos que organizan os festivais, o Concello de Moeche non organiza o Festival irmandiño, é una entidade colaboradora, polo que non pode optar a ella. Continua a Sra. Mendez Vilela que sinala que non se refire á subvención que pode optar a entidade, fala da liña a que pode optar o Concello, pero deixou aquí que o teño argumentado e o vemos no próximo pleno”.

A continuación toma a palabra a **Sra. Castro Sande** que formula as seguintes preguntas

- Pregunto sobre as farolas da rua 23 de abril, quería coñecer a marca e a súa garantía? Así como a localización das anteriores e que se vai a facer con elas. Resposta a **Sra Bascoy Maceiras** que sinala que descoñece a marca das farolas, que se contestara no proximo pleno, apostilla o **Sr. Lago Tuimil** dicindo que a marca e irrelevante o que teñen e que cumprir os requisitos técnicos que marca o proxecto que foi aprobado no pleno por unanimidade. Continua a Sra. Bascoy Maceiras indicando que as farolas atopnse depositadas na parte posterior do polideportivo, para proceder a súa venda para que reverta o Concello o seu prezo. Estan no mesmo sitio no que atopaban, no ano 2015, as farolas que se habian retirado, e que desapareceron de repente, coa sorte de que un veciño sacou unha foto do camiión que as levaba, a cambio de nada, ou polo menos a cambio de nada para o Concello, averiguandose que se regalaran a un equipo de futbol,

que nin siquera era do Concello, reclamouse a súa devolución, e despois de moito tensar a corda as farolas volveron o Concello e venderonse po 400 € que forno a tesoureria municipal, en canto as actuais, xa temos solicitada unha tasación, e, en canto a teñamos, sacaranse a subasta

- En canto as aceras de Balocos gustaría saber que sucedeu co acceso ao meu local, xa que son das poucas persoas que emprenden neste concello e considero un trato discriminatorio. Resposta a **Sra Bascoy Maceiras** dicindo que en Balocos quedou un trociño pequeno sin amañar porque é privado, e ahi non pode entrar o Concello, pero que se fixeron os rebaixes nas aceiras para as entradas de vehículos para aparcamentos, o que é o acceso individual os negocios corre a cargo do propietario dos mesmos, non e cousa do concello, sempre con permiso de carreteras e cumprindo a normativa urbanística. Non obstante me parece fora de lugar que utilices o cargo de concelleira para tratar no pleno asuntos particulares

A Continuación, polos membros do equipo de goberno, respostanse as preguntas que quedaron pendentes no último pleno ordinario

1. Nome da empresa que realizou as tarefas de limpeza das escaleiras do Castelo e o custe de todo o procedemento. Contesta a Sra. Couce Rego que sinala que foi un autónomo Francisco Fernandez Graña e que o seu custo foi de 72,60 €
2. Importe do panel metálico a modo elemento decorativo instalado fai uns días no Recinto Ferial. O su importe aproximado. Contesta a Sra Bascoy Maceiras indicando que non é un panel decorativo senón para evitar un desnivel, e que non pode dicir o prezo exacto porque vai nunha factura con outros mais, esta presupostado en 8 €/K, e que iba incluído no proxecto que foi aprobado por unanimidade, Intervén a Sra Méndez Vilela para sinalar que hai outras necesidades antes do panel.

E, non habendo mais asuntos a tratar, as 21:00 horas, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

A secretaria, Consolación Couce Calvo

A alcaldesa, Beatriz Bascoy Maceiras